

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/9

DATA: xoves 18 de xullo de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:35 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
FRANCISCO RUBIO VICENTE
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
GERMAN ALLUT VIDAL
PSdeG-PSOE
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 8/2019 DO PLENO EN SESIÓN CONSTITUTIVA DO 15/06/2019
2. POSTA EN COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
3. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 641/2019 DE COMPOSICIÓN,

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 136,720 exp. 2019/G010/000009

COMPETENCIAS E PERIODICIDADE XGL CORPORACIÓN 2019-2023.

4. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 646/2019 DE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 9 DE XULLO DE 2019 RELATIVA A NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE CORPORACIÓN 2019-2023.

5. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 643/2019 DE DELEGACIÓNS CONCELLEIROS CORPORACIÓN 2019-2023.

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

7. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS

8. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

9. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

10. PROPOSTA ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS

11. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS

12. PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS E DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE DE ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ.

13. REVOCAR A COMPOSICIÓN DA MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:

65f657e0ee26c8a5635e81e095db1f82568941f91c52d24edc71f7feffb8506

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=XzMfE_66xfU

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTA Nº 8/2019 DO PLENO EN SESIÓN CONSTITUTIVA DO 15/06/2019

- A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2019 de 15/06/2019.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 15/06/2019, Acta nº 8/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constituíen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

2 POSTA EN COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

De acordo co solicitado aos diferentes grupos políticos e co previsto nos artigos 74 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigos 23 e ss., do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, constituíronse os seguintes grupos políticos, mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, coa designación dos correspondentes voceiros e, no seu caso, suplentes, e que se entregaron a tal efecto na Secretaria da Corporación no prazo de 5 días estipulados dende a sesión constitutiva.

En consecuencia, os grupos políticos municipais, seus voceiros e suplentes son:

1.- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

- D. Adolfo Francisco Muíños Sanchez

- D^a. Adelina Ces Quintans
- d^a. Hadriana Ordoñez Otero
- D. Xusto Xosé Ordoñez Figueira
- D. Tobías Betanzos Rego
- D^a. Raquel Garcia Abuín

Voceira: Adelina Ces Quintans

Suplente: Tobías Betanzos Rego

2.- PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA- PSOE.

D^a. María del Carmen Figueira Ares

D. Francisco Javier García Ares

D^a. María José Tembra Muñiz

D^a. Rosa Ana Garcia Figueira

Voceira: María del Carmen Figueira Ares

Suplente: Francisco Javier Garcia Ares

3.- PARTIDO POPULAR.

D. Germán Allut Vidal

D. Mariano Moares Rial

D. Francisco Rubio Vicente

D^a. Alicia Carou Romero

Voceiro: D. Germán Allut Vidal

Suplente: D. Mariano Moares Rial

4.- RIANXO EN COMÚN-SON.

D. Julian Bustelo Abuín

D. Julio Alcalde Hermo

Voceiro: D. Julian Bustelo Abuín

Suplente: D. Julio Alcalde Hermo

5.- GRUPO MIXTO

D^a. Sara María Resúa Patiño

Voceira: D^a. Sara María Resúa Patiño

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

3 DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 641/2019 DE COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE XGL CORPORACIÓN 2019-2023.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 641/2019, de data 09/07/2019, en materia de composición, competencias e periodicidade da Xunta Goberno Local, que se transcribe a continuación:

Unha vez celebradas as Eleccións Locais o pasado día 26 de maio, e constituído o novo Concello, o 15 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, no exercicio da potestade de autoorganización que, o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei de Bases de Réxime Local, os municipios con mais de cinco mil habitantes contarán como órgano necesario coa denominada Xunta de Goberno Local.

Dito órgano integrase polo Alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal (actualmente 17), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, tendo en conta que as súas funcións son as de asistencia ao Alcalde no uso das súas atribucións e o exercizo daquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, amén das que lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do RD.2568/1986.

Polo exposto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o RD.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o RD.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta

Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, e tendo en conta así mesmo a necesidade de determinar o réxime de sesión de dito órgano,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Revogar as Resolucións da Alcaldía nº 377/2015, do día 06 de xullo, pola que se determinaba a composición e competencias da Xunta de Goberno Local, a súa modificación por Resolución nº 552/2015, do 15 de outubro e por Resolución nº 505/2016 de 19 de outubro, no tocantes ás competencias e calquera outra resolución anterior relativa á composición e competencias da XGL.

SEGUNDO

Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo ás/aos seguintes Concelleiras/os:

- *Tobías Betanzos Rego.*
- *Raquel García Abuín.*
- *María del Carmen Figueira Ares.*
- *Francisco Javier García Ares.*
- *María José Tembra Muñiz.*

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e as/os Concelleiras/os antes mencionados.

TERCEIRO

Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións delegables desta Alcaldía:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENZAS:

A.1.- A resolución sobor da aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A. 2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias previstas no artigo 142 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia (non inclúe os expedientes de reposición da legalidade, os sancionadores e caducidade destes/as).

Asemade darase conta das comunicacións previas verificadas en materia urbanística e das denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas ou autorizadas, de se-lo caso.

A. 3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non están atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.

A.4. A aprobación do proxecto da actividade promovida polo concello cando precise de comunicación previa ou licenza (artigo 30 da Lei 9/2013)

Tamén darase conta das comunicacións previas e de declaracións responsables verificadas en materia de apertura de establecementos e exercicio de actividades.

A. 5.- A autorización de espectáculos públicos e actividades recreativas, agás no referente a bailes e verbenas populares.

A. 6.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...)

A. 7.- Acordos de execución polo concello de obras menores ou reposición de servizos a instancia de particulares.

A. 8.- A transmisión da tramitación de licenzas, autorizacións e comunicacións previas que procedan legalmente sempre e cando non se trate dunha simple toma de razón nos expedientes mencionados neste apartado.

B) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCEIRA:

B.1.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas. Exceptúanse as axudas de emerxencia social.

B.2.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

B.3.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

CB.4.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

B.5.- Aprobación de liquidacións provisionais e definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.

B.6- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

B.7.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

B.8.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

C) EN MATERIA DE PERSOAL:

C.1.- Acordar o inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal coa xustificación da necesidade.

C.2. Aprobación das bases das probas para selección de persoal e a súa convocatoria.

C.3.- Concesión de anticipos ao persoal.

C.4.- Aprobar o recoñecemento do primeiro trienio ao persoal municipal, así como o recoñecemento de servizos previos, no seu caso.

C.5.- Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral, previamente autorizadas polo responsable do servizo co visto bo do concelleiro da área. Outorgamento de complementos de produtividade previa xustificación polo concelleiro da área

D) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Autorización para a sinatura de convenios cando se instrumenten ao seu través subvencións de calquera entidade pública ou privada, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.

2.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos da competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

3.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

4.- Dación de conta da recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello e sentenzas ditadas.

Estas delegacións son sen prexuízo das dacións de conta que procedan ante a Xunta de Goberno Local, especialmente a recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello, e sentenzas ditadas. Así mesmo, relación de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de apertura de establecementos e exercizo de actividades recibidas, ou denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas, declaradas ou autorizadas, de se-lo caso.

O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante (a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se plantexen contra os actos dictados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.

CUARTO

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de 10 días hábiles, de acordo co disposto no artigo 112 do ROF. Na mesma sesión deberase aceptar por dito órgano a delegación das atribucións aquí efectuadas.

QUINTO

*A Xunta de Goberno celebrará as súas sesións ordinarias, o **1º e 3º xoves de cada mes, ás 14:00 horas**, nas*

dependencias do Concello, polo tanto, con periodicidade quincenal, previa convocatoria ao efecto realizada por esta Alcaldía, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente de maioría absoluta na primeira convocatoria (Alcaldía e 3 membros), bastando a presenza de 1/3 dos membros na segunda.

SEXTO

As sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan no mes de agosto, Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, poderán ser alteradas cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais. Así mesmo, a Alcaldía poderá pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo.

SÉTIMO

A presente resolución surtirá efecto dende o día seguinte da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como na sede electrónica do Concello, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

OITAVO

Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como traslado expreso do mesmo aos Departamentos municipais directamente afectados aos efectos oportunos (Intervención, Tesourería, Urbanismo, Emprego), sen perxuízo doutras comunicacións que a tal fin se estimen oportunas.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

4 DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 646/2019 DE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 9 DE XULLO DE 2019 RELATIVA A NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE CORPORACIÓN 2019-2023.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 646/2019, de data 11/07/2019, en materia de nomeamento tenentes de alcalde da corporación 2019-2023, que se transcribe a continuación:

Mediante Resolución da Alcaldía nº 639/2019, de data 09/07/2019, resolveuse o seguinte:

“Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

- ✓ *Primeira Tenente de alcalde: D^a María del Carmen Figueira Ares.*
- ✓ *Segunda Tenente de Alcalde: D^a Adelina Ces Quintáns.”*

Considerando que conforme ao establecido no artigo 46 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, os Tenentes de Alcalde serán designados de entre os membros da Xunta de Goberno Local, e tendo en conta que dona Adelina Ces Quintáns segundo resolución de alcaldía de 9 de xullo de 2019 relativa a composición e competencias de Xunta de Goberno Local non forma parte do citado órgano, advertido erro pola secretaria do Concello, coa presente RESOLVO:

PRIMEIRO:

Revogar a resolución nº 639/2019 de 09.07.2019 relativa a nomeamento de Tenentes de Alcalde da Corporación pola motivación anteriormente indicada.

SEGUNDO:

Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

Primeira Tenente de alcalde: D^a María del Carmen Figueira Ares.

Segundo Tenente de alcalde: D. Tobías Betanzos Rego.

Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, o Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Cando haxa de ausentarse, esta Alcaldía conferirá mediante resolución indicando a duración da súa ausencia e Tenente que asumirá as súas funcións, mais de non ser ditado expresamente, será substituído – caso de urxencia- polo Primer Tenente, ou no seu defecto, por calquera deles presente, sen que durante o mesmo día poda actuar mais dun deles.

TERCEIRO:

Comunicar este Decreto aos Tenentes de Alcalde nomeados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

CUARTO:

Da presente resolución darase conta o Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, ser perxuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

5 DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 643/2019 DE DELEGACIÓNS CONCELEIROS CORPORACIÓN 2019-2023.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 643/2019, de data 11/07/2019, en materia de delegacións concelleiros da corporación 2019-2023, que se transcribe a continuación:

O artigo 23 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local permite á Alcaldía delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais para cometidos específicos en favor de calquera concelleiro, aínda que non formaran parte de dito órgano.

No tocante ás mencionadas delegacións, e ao abeiro dos artigos 43, 44 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, indicar:

- 1 Delegacións xenéricas: referiranse a unha ou varias areas determinadas, e poderán comprender as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída no seu caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*
- 2 Delegacións especiais: un dos supostos de delegacións deste tipo son as relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprendera a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver. O exercizo desta delegación poderá ser supervisada polo concelleiro con delegación xenérica.*

A realización das delegacións efectuarase por Resolución da Alcaldía, determinándose o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, e as condicións específicas do exercizo das mesmas.

De conformidade co artigo 115 do RD.2568/1986, a Alcaldía como órgano delegante conserva as facultades seguintes respecto das delegacións conferidas:

- 3 a de recibir información detallada da xestión da competencia delegada, e de incluírse tamén dos actos e disposición emanados polo delegado.*
- 4 A de ser informado previamente a adopción de decisións de especial transcendencia.*
- 5 A de considerarse ditados pola Alcaldía os actos do órgano delegante, a efectos da interposición de recursos, agás expresa delegación.*

Dito isto, vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Efectuar as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS en pro dos concelleiros que a seguir se indican, para os servizos que se corresponden con:

- **Urbanismo, Área de rehabilitación (ARI) , desenvolvemento local, comercio e emprego:** María del Carmen Figueira Ares.
- **Deportes:** Xusto Xosé Ordóñez Figueira.
- **Medio ambiente, Mar e Medio Rural:** María José Tembra Muñiz.
- **Facenda e Economía, e Participación social:** Tobías Betanzos Rego.
- **Cultura, Museos e Mocidade; Festas e Centros socioculturais:** Raquel García Abuín.
- **Benestar social, Diversidade e Igualdade:** Hadriana Ordóñez Otero.
- **Educación e Normalización:** Adelina Ces Quintáns.
- **Turismo e Patrimonio:** Francisco Javier García Ares.

Así mesmo, e afectos aclaratorios, indícase que esta Alcaldía, resérvase as seguintes atribucións e competencias propias relativas ás seguintes materias: Obras, Servizos, Benestar animal, Plan de igualdade, novas tecnoloxías e seguridade.

SEGUNDO

As delegacións conferidas abrangueran a dirección interna e xestión dos servizos incluídos, agás a facultade de resolver, e exerceranse garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.

En ningún caso o concelleiro-delegado poderá delegar a súa vez a delegación outorgada.

En todo caso, quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas á alcaldía pola normativa vixente (art.21.3º Lei 7/1985 e artigo 61.3 Lei 5/1997)

TERCEIRO

Delégase de xeito indistinto en todos os concelleiros as competencias desta Alcaldía ao abeiro do artigo 51.1. do Código Civil para autorizar matrimonios civís por esta entidade, e sen que nunha mesma cerimonia poida intervir mais dun deles.

CUARTO

A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir atribucións delegadas nesta Resolución ser prexuízo da súa revogación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros/as delegados/as, esta alcaldía asumirá directa e automaticamente as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de revogación en base á presente resolución e sen necesidade dunha resolución expresa ao efecto.

QUINTO

Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

6 PROPOSTA DA ALCALDÍA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 47 do RD. Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) e artigo 38 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que segundo o artigo 46.2 a) da LRBRL, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual agás o mes de agosto.

SEGUNDO

A sesión terá lugar o último xoves de cada mes ás 20:00 horas, no Salón de Sesións da Casa Consistorial.

As sesións que coincidan en xoves festivo ou se atope incluído en período vacacional (Semana

Santa e Nadal) poderán ser alteradas unha semana antes ou despois pola alcaldía.

TERCEIRO

Comunicar este acordo a todos os concelleiros e aos encargados dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

Nembargantes o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate, onde o voceiro de REC manifesta que a proposota lle parece ben pero que non se convocou aos grupos para informarlles das propostas que se pretendían traer ao pleno e que espera que esta situación cambie. Manifestada a conformidade de todos os grupos políticos municipais, sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

7 PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS

Consonte ao disposto no artigo 54 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p), e no apartado 3 do último dos artigos citado. Considerando así mesmo que en determinadas materias como en contratación víñanse efectuando de forma reiterada a delegación das competencias do Pleno no señor Alcalde; tendo en conta a demáis as confusións detectadas en algúns expedientes onde por razóns de celeridade tamén se procedía á avocación de competencias da Xunta de Goberno Local pola Alcaldía, competencias en algúns casos. obxecto de delegación Plenaria na Xunta de Goberno Local; e considerando a pouca operatividade que as delegacións na Xunta de Goberno Local, en virtude do exposto, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado a prol da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno da Corporación con anterioridade ó presente acordo.

SEGUNDO

Delegar na Alcaldía o exercicio das seguintes atribucións delegables:

- 1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- 2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- 3.- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, asícomo os contratos e as concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios o orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.
- 4.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando o Pleno sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos.
- 5.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros.
- 6.- Os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, as permutas de bens inmoables

TERCEIRO

Estas delegacións comprenden tanto as facultades de xestión e dirección como as de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, a excepción da facultade de resolver os recursos de reposición que poideran interpoñerse contra as resolucións dictadas no exercicio das competencias atribuídas pola presente delegación.

CUARTO

O presente acordo de delegación surtirá efecto dende o día seguinte á súa aprobación, sen perxucio da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Nembargantes o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate na que a voceira do Grupo Mixto-Cs indica que posto que o señor Alcalde propón asumir esas competencias que será o señor Alcalde o responsable do que se faga. O vocerío de REC indica que non pode votar unha proposta na que se lle quiten competencias ao Pleno. A voceira do PSOE indica que vai a votar a favor e o voceiro do PP di que votará en contra.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), seis votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e unha

abstención (da concelleira do grupo Mixto-Ciudadanos) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

8 PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS

Considerando que consonte ao disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Considerando que consonte ao establecido nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Comisión Especial de Contas existirá en todos os Concellos.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladoras das Bases do Réxime Local, e artigos 124-126, 134 e 135 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Constituír as seguintes **Comisións Informativas Permanentes:**

1. COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR, IGUALDADE E DIVERSIDADE, E BENESTAR ANIMAL.
2. COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO.
3. COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSONAL E ADMINISTRACIÓN.
4. COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS. MEDIO AMBIENTE. MAR E MEDIO RURAL.
5. COMISIÓN INFORMATIVA DE PATRIMONIO, TURISMO E FESTAS.
6. COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS Á CIDADANÍA: CULTURA, DEPORTES, EDUCACIÓN, E PARTICIPACIÓN VECIÑAL.

SEGUNDO

Constituír a **Comisión Especial de Contas**, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, de acordo co previsto na normativa vixente.

TERCEIRO

Constituír, como Comisión Informativa Especial, e concretamente para o seu obxecto a **Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal**.

CUARTO

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- Presidente nato das Comisións: O Alcalde, que poderá delegar a Presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión e mediante elección efectuada no seu seno.

- Vogais-Concelleiros:

Grupo Municipal	Número de membros
BNG	3
PSOE	2
PP	2
REC	1
Cs	1

QUINTO

As Comisións Informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con carácter mensual, na data e hora que se sinala pola Alcaldía.

SEXTO

De conformidade co artigo 125 do ROF, a adscrición concreta a cada Comisión dos membros da corporación, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

SÉTIMO

Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno, as correspondentes sesións de constitución das Comisións deberán de realizarse **no prazo de dous meses** a contar desde a data antes sinalada.

Ábrese unha quenda de debate na que o voceiro de REC indica que vai a votar en contra dado que non se convocaron aos grupos para debatir as propostas que se levan ao Pleno. O resto dos voceiros manifestan estar a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 4 membros do grupo PP e da concelleira do grupo Mixto-Ciudadanos), dous votos en contra (2 membros de Rianxo en Común) e cero abstención dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

9 NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Nomear como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares aos concelleiros/as:

CEIP "A. Mª Dieguez" (Asados):	F. JAVIER GARCIA ARES	Suplente: Mª JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
CEIP "Brea Segade" (Taragoña):	HADRIANA ORDOÑEZ OTERO	Suplente: TOBIAS BETANZOS REGO
IES "Félix Muriel":	Mª CARMEN FIGUEIRA ARES	Suplente: ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
CEIP "A.D.R. Castelao	RAQUEL GARCIA ABUIN	Suplente: ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ
C.R.A.:	XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA	Suplente: ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

Indicar que o citado nomeamento ten unha vixencia de 4 anos coincidente co mandato da Corporación 2019-2023 salvo modificación dos designados efectuada expresamente polo Pleno do Concello, en cuxo caso se lle notificaría expresamente polo Concello a cada un dos Consellos Escolares afectados.

SEGUNDO

Conforme ao Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Rianxo para a xestión da Escola Infantil " Galescola de Rianxo" integrada na Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas), asinado o 04/01/2007, así como o Regulamento de

organización e funcionamento das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio, nomear como representantes desta Corporación para os seguintes órganos da Escola infantil “ A Galiña azul”:

1 Comisión Mixta (artigo 8A do regulamento): O Alcalde ou persoa en quen delegue.

2 Consello Escolar (artigo 7c): 2 representantes: Sendo o Alcalde que ostentará a Presidencia ou persoa en quen delegue, e 1 persoa en representación do Concello: Tobías Betanzos Rego.

TERCEIRO

Nomear como representante na Mancomunidade “Arousa Norte”, en tanto vogal nato ao Alcalde do Concello de Rianxo.

CUARTO

Nomear como representante no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, conforme aos Estatutos do Consorcio, publicados no Diario oficial de Galicia nº 131, do 07 de xullo, xunto co acordo fundacional, que determinaban que os concellos designarán os seus representantes entre os seus membros corporativos, mais tendo en conta que o artigo 10 do Regulamento interno do Consorcio, parte da consideración como delegados aos alcaldes dos concellos consorciados: O Alcalde do Concello de Rianxo.

QUINTO

Proponse nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, considerando a existencia de 1 soa asociación empresarial rianxeira, e ante a ausencia de asociación de consumidores e usuarios, contar con unha a nivel provincial, a 2 concelleiros, sendo 1 Maria del Carmen Figueiras Ares, e 1 do grupo político municipal distinto aos do goberno.

SEXTO

Nomear como representante nas iniciativas comunitarias EQUAL e PRODER, ao Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue.

SÉTIMO

Designar como representante no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Alcalde ou persoa en quen delegue.

OITAVO

Nomear como representante municipal no Grupo de Acción Costeira da Ría de Arousa ao Alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez e como substituto a María José Tembra Muñiz.

NOVENO

Nomear, de acordo co previsto no artigo 11 nos estatutos da Fundación Museo do Mar, aos seguintes representantes:

Patróns natos:

- ✓ O Alcalde do Concello de Rianxo: Adolfo F. Muíños Sánchez
- ✓ Concelleiro de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude: Raquel Garcia Abuin
- ✓ Concelleiro de Economía e Facenda: Tobías Betanzos Rego
- ✓ 1 representante de grupo político municipal distinto ao goberno

A estes efectos e de acordo co previsto nos Estatutos da Fundación Museo do Mar, os grupos políticos municipais que integran a corporación, diferentes do grupo de goberno, deberán propoñer un patrón nato para a Fundación do Museo do Mar.

DÉCIMO

Designar como representante na Asociación de entidades locais pola lingua galega representante político da entidade ao Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez (suplente: a concelleira delegada de normalización lingüística, Adelina Ces Quintáns), e o técnico de normalización lingüística, do Concello de Rianxo como representante técnico.

UNDECIMO

Notifica-lo presente acordo aos Concelleiros/as designados, aos Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ao resto de organismos.

Ábrese unha quenda de debate e a voceira do Grupo Mixto-cs indica que se vai a abster porque non se lles dá participación nos órganos colexiados. O voceiro de REC manifesta que vai a votar en contra porque non se admitiron as propostas do seu grupo. A voceira do PSOE di que está conforme coa proposta da Alcaldía e o voceiro do PP di que vai a votar en contra porque entenden que non están suficientemente representados todos os grupos. O voceiro do BNG explica que a proposta da Alcaldía pretende que os que teñen que representar ao concello sexan os que poden adoptar ou non decisións executivas respecto ás peticións que se lle fagan. Ten lugar un turno de réplica no que o voceiro de REC di que o goberno municipal debería de ser valente e negociar e actuar a favor do diálogo. O alcalde responde que no Consello escolar municipal xa teñen unha representación que non se dá noutros concellos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), 6 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e unha

abstención (da concelleira do grupo Mixto-Ciudadanos) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

10 PROPOSTA ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS

Considerando que, segundo o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais desta, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Vista a base 25 de execución do orzamento e de acordo co previsto nela, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Establecer, como compoñente fixo da dotación económica aos grupos políticos municipais, a cantidade de **100,00 €/mensuais**.

SEGUNDO

Establecer, como compoñente variable da dotación económica aos grupos políticos municipais, outra cantidade igual (**35 €/mensuais**), multiplicada polo número de membros que o integran.

As asignacións económicas pagaranse por trimestres naturais vencidos dentro do primeiro mes seguinte ao vencemento. No caso de que por motivo da data de adopción deste acordo non corresponda a dotación económica por mes completo ratearase por días.

Cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do Pleno a efectos de su actuación corporativa, deberán levar unha contabilidade específica da asignación económica anual, con separación de ingresos recibidos e gastos efectuados e soportados na oportuna documentación acreditativa que cumpra os requisitos formais esixidos polas normas mercantís e fiscais, que será posta a disposición do Pleno sempre que este órgano a solicite, en aplicación do sinalado no parágrafo 5 do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

TERCEIRO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento

CUARTO

Aprobar a modificación das Bases de execución do Orzamento 2019, que quedaría como segue:

"BASE 25ª : DOTACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

2º) Os grupos políticos municipais terán dereito a unha dotación económica de 100,00 € mensuais, á que deberá engadírselle outra cantidade de 35€/mensuais multiplicada polo número de membros que o integran

No caso de que por motivo da data de adopción deste acordo non corresponda a dotación económica por mes completo ratearase por días. "

Cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do Pleno a efectos de su actuación corporativa, deberán levar unha contabilidade específica da asignación económica anual, con separación de ingresos recibidos e gastos efectuados e soportados na oportuna documentación acreditativa que cumpra os requisitos formais esixidos polas normas mercantís e fiscais, que será posta a disposición do Pleno sempre que este órgano a solicite, en aplicación do sinalado no parágrafo 5 do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

QUINTO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

SEXTO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

SÉTIMO

Que se remita copia da referida modificación das Bases de Execución do Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Ábrese unha quenda de debate onde a voceira do Grupo Mixto-Cs manifesta que se vai a abster posto que non se lles dá aos grupos un local e sen embargo se lles concede unha asignación. O voceiro de REC di que van a votar en contra porque entenden que se trata dun gasto que se debe reestructurar sen atender ao número de membros de cada grupo pero sen incrementar as contías no total .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), seis votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e unha abstencións (da concelleira do grupo Mixto-Cs) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

11 PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS

Constituído a nova corporación do Concello de Rianxo tralas eleccións municipais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio, o Pleno do Concello ten que resolver, entre outros extremos, o relativo ao importe por asistencias dos membros da corporación pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte.

De acordo co exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Fixar na cantidade de **210,00 €** a asistencia a Xunta de Goberno Local, dos concelleiros membros desta, excepto que perciban dedicación exclusiva ou parcial, coa excepción do exercicio 2019 onde o límite fíxase en dúas sesións por mes (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

Fixar na cantidade de **100,00 €** a asistencia ás Comisións Informativas dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial , coas excepcións **do exercicio 2019 que a continuación se indican:**

1º.- O límite fíxase en seis sesións en total ata rematar o ano, (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

2º.- Nembargantes o anterior, estas asistencias non serán percibidas en ningún caso polos concelleiros que sexan membros da Xunta de Goberno Local.

Fixar na cantidade de **105,00 €** a asistencia aos Plenos Municipais dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, coas excepcións **do exercicio 2019 que a continuación se indican:**

1º.- O límite fíxase en seis sesións en total ata rematar o ano, (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

2º.- Nembargantes o anterior, estas asistencias non serán percibidas en ningún caso polos concelleiros que sexan membros da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO

Publicar o presente no BOP, de acordo co previsto no art. 75.5 LRBRL.

TERCEIRO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento .

CUARTO

Aprobar a modificación da base 25ª das Bases de execución do Orzamento 2019 que a que se engade un novo punto quedaría como segue:

“BASE 25ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIONES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

.../...

2º) Asistencias dos membros da corporación pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte:

Fixar na cantidade de **210,00 €** a asistencia a Xunta de Goberno Local, dos concelleiros membros desta, excepto que perciban dedicación exclusiva ou parcial, coa excepción do exercicio 2019 onde o límite fíxase en dúas sesións por mes (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

Fixar na cantidade de **100,00 €** a asistencia ás Comisións Informativas dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial , coas excepcións **do exercicio 2019 que a continuación se indican:**

1º.- O límite fíxase en seis sesións en total ata rematar o ano, (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

2º.- Nembargantes o anterior, estas asistencias non serán percibidas en ningún caso polos concelleiros que sexan membros da Xunta de Goberno Local.

Fixar na cantidade de **105,00 €** a asistencia aos Plenos Municipais dos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, coas excepcións **do exercicio 2019 que a continuación se indican:**

1º.- O límite fíxase en seis sesións en total ata rematar o ano, (independentemente de cando se efectúe o pago das mesmas).

2º.- Nembargantes o anterior, estas asistencias non serán percibidas en ningún caso polos concelleiros que sexan membros da Xunta de Goberno Local.

SÉTIMO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

OITAVO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

NOVENO

Que se remita copia da referida modificación das Bases de Execución do Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, dos 4 membros do grupo PP e 1 concelleira do grupo Mixto-Ciudadanos), cero votos en contra e duas abstención (2 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

12 PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS E DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE DE ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ.

Pola Alcaldía dase conta da Proposta que a continuación se transcribe:

“Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos Alcaldes e a dedicación necesaria para o bo goberno deste Concello, se propón en primeiro lugar a dedicación exclusiva para o cargo do titular da Alcaldía, no exercicio da súa función representativa e institucional e na alta función directiva de tódolos servizos municipais.

En segundo lugar, tamén se considera necesaria a dedicación exclusiva da concellería de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego, polas responsabilidades a tal fin encomendadas e a especial adicación que requiren algunhas materias como o urbanismo e o emprego no Concello, así como a dedicación parcial de tres concellerías para o exercicio das responsabilidades que supoñen as delegacións especiais encomendadas polo señor Alcalde de dirección, impulso e coordinación nas respectivas materias de Benestar social, Igualdade e diversidade; Deportes e Educación e Normalización.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións da Alcaldía e os concelleiros responsables das Áreas que se conteñen no presente, co informe de Secretaría e Intervención, con base no preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e estudadas as especiais características do Concello, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Levantar e resolver o informe de fiscalización IR 49/2019 no sentido de continuar coa tramitación

do expediente, por entender que a insuficiencia orzamentaria será solucionada no presente exercicio ou ben coa aprobación do orzamento definitivo ou a través dunha modificación orzamentaria.

SEGUNDO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 45.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden. No caso de que o importe a retribuír en concepto de trienios deba incrementarse como consecuencia da perfección dun novo, o importe total a cobrar non se incrementará, minorándose automaticamente o importe da dedicación exclusiva pola mesma contía que o do incremento do trienio.

O presente acordo xurdirá os seus efectos sempre que polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, como consecuencia da súa situación administrativa de empregado público, se proceda á presentación neste Concello da declaración do pase á situación administrativa de servizos especiais realizada polo órgano competente, e acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva, debéndose comunicar esta circunstancia ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

TERCEIRO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de concelleiro/a delegado/a de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego, á que se lle esixirá a dedicación á delegación de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 39.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo

exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

CUARTO.

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro delegado con delegación especial nas seguintes materias:

- Concellería delegada de Benestar Social, Igualdade e Diversidade.
- Concellería delegada de Deportes.
- Concellería delegada de Educación e Normalización.

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 15 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de 13.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicaranse o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

QUINTO.

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

SEXTO.

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

SETIMO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

OITAVO

Aprobar a modificación da base 25ª das Bases de execución do Orzamento prorrogado do 2018 ao 2019, que quedaría como segue:

"BASE 25ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1ª) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

<i>Tipo de dedicación</i>	<i>Cargo</i>	<i>Retribución anual por posto</i>
<i>Dedicación exclusiva</i>	<i>Alcalde</i>	<i>45.000,00€ (Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden)</i>
<i>Dedicación excluiva</i>	<i>Concelleiro/a delegado/a de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego.</i>	<i>39.000,00 €</i>
<i>Dedicación parcial</i>	<ul style="list-style-type: none"> <i>- Concelleiro/a delegado/a de Benestar Social, Igualdade e Diversidade</i> <i>- Concelleiro/a delegado/a de Deportes</i> <i>- Concelleiro/a delegado/a de Educación e Normalización</i> 	<ul style="list-style-type: none"> <i>13.000,00 €</i> <i>13.000,00 €</i> <i>13.000,00 €</i>

"

NOVENO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

DÉCIMO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello."

Antes de iniciarse o debate e conforme ao establecido no artigo 97.5 do ROF o señor Alcalde indica que quere facer unha enmenda á súa proposta aos efectos de engadir á mesma no segundo punto relativo á dedicación da Alcaldía o seguinte texto:

"A dedicación excluiva apróbase con efectos retroactivos dende o 15.06.2019, de acordo co artigo 39.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas."

A secretaria intervén para sinalar que á vista enmenda formulada pola Alcaldía debe indicarse que as retribucións por adicación excluiva e parcial non son máis que unha contraprestación económica ao desempeño do cargo electivo con dita adicación. O artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) establece que corresponde ao Pleno corporativo determinar a relación de cargos que deberán desempeñarse

en réxime de tal adicación, e polo tanto, con dereito a retribución, así como fixar a contía da mesma. Tendo en conta que o nomeamento do corporativo que vai a desempeñar o cargo con adicación só supón a aplicación de tal réxime si é aceptado expresamente polo designado, resulta que o devengo da retribución se produce dende ese momento da aceptación. É dicir, que ata que esas actuacións non estén realizadas, o membro da Corporación non pode percibir a retribución, sin que polo tanto ao meu xuízo e sen tempo a poder emitir un informe ao respecto, se poida aplicar a Lei 39/2015 que só excepcionalmente permite outorgar eficacia retroactiva aos actos administrativos, dado que nin estamos ante un acto de convalidación doutro anterior, nin aínda que supoña efectos favorables para o interesado, nin os supostos de feito necesarios existían na data en que se retrotrae o acto, que neste caso sería o desempeño do cargo con adicación exclusiva, que como xa se sinalou non nace ata que se adopta o acordo e se acepta polo designado. Ademais non consta un informe de intervención ao respecto ignorando si existe ou non consignación orzamentaria, polo que ao abeiro do indicado no artigo 92.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o ROF, solicita que se retire a citada enmenda para outra sesión aos efectos de poder incorporar os citados informes debidamente ao expediente. O voceiro do BNG explica que respeta as consideracións da secretaria pero di que o Alcalde exerce como tal dende o día 15 de xuño e que ademais no ano 2015 se adoptou o mesmo acordo, polo que o señor Alcalde non se reincorporou ao seu posto de traballo na súa creenza de que este ano se ía adoptar o mesmo acordo. A secretaria advirte entón que ao non atenderse á súa petición, vai a facer constar en acta a súa advertencia.

Iníciase o debate coa intervención da voceira do Gmixto.Cs que sinala que non entende como a voceira do PSOE foi tan crítica coas dedicacións no ano 2015 e agora votará a favor. O voceiro de REC di que tamén votará en contra, que se enterou pola prensa do que se pretendía facer e que non se lles consultou ao respecto. A voceira do PSOE indica que si a xente traballa, debería de ser retribuída, e que no seu caso, no só se retribúe a delegación de urbanismo senón tamén a de desenvolvemento e emprego. O voceiro do PP di que entende que se trata do custo que se asume polo pacto de goberno acadado. O voceiro do BNG di que sen embargo lle parece unha proposta xusta e xustificada.

Rematado o debate, sométese a incorporación da enmenda anteriormente citada a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), cinco votos en contra (dos 4 membros do grupo PP, e un e da concelleira do grupo Mixto-Ciudadanos) e dúas abstencións dos 2 membros de Rianxo en Común 17, resultando **APROBADA** nos termos desta.

Acto seguido sométese a proposta co texto da enmenda a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), sete votos en contra (dos 4 membros do grupo PP, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos) e cero abstención dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación,

resulta **APROBADA** nos termos que a continuación se transcribe:

“Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos Alcaldes e a dedicación necesaria para o bo goberno deste Concello, se propón en primeiro lugar a dedicación exclusiva para o cargo do titular da Alcaldía, no exercicio da súa función representativa e institucional e na alta función directiva de tódolos servizos municipais.

En segundo lugar, tamén se considera necesaria a dedicación exclusiva da concellería de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego, polas responsabilidades a tal fin encomendadas e a especial adicación que requiren algunhas materias como o urbanismo e o emprego no Concello, así como a dedicación parcial de tres concellerías para o exercicio das responsabilidades que supoñen as delegacións especiais encomendadas polo señor Alcalde de dirección, impulso e coordinación nas respectivas materias de Benestar social, Igualdade e diversidade; Deportes e Educación e Normalización.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións da Alcaldía e os concelleiros responsables das Áreas que se conteñen no presente, co informe de Secretaría e Intervención, con base no preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e estudadas as especiais características do Concello, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Levantar e resolver o informe de fiscalización IR 49/2019 no sentido de continuar coa tramitación do expediente, por entender que a insuficiencia orzamentaria será solucionada no presente exercicio ou ben coa aprobación do orzamento definitivo ou a través dunha modificación orzamentaria.

SEGUNDO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, ao que se lle esixirá a dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A dedicación excluiva apróbase con efectos retroactivos dende o 15.06.2019, de acordo co artigo 39.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A retribución que percibirán será de 45.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos

colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden. No caso de que o importe a retribuír en concepto de trienios deba incrementarse como consecuencia da perfección dun novo, o importe total a cobrar non se incrementará, minorándose automaticamente o importe da dedicación exclusiva pola mesma contía que o do incremento do trienio.

O presente acordo xurdirá os seus efectos sempre que polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, como consecuencia da súa situación administrativa de empregado público, se proceda á presentación neste Concello da declaración do pase á situación administrativa de servizos especiais realizada polo órgano competente, e acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva, debéndose comunicar esta circunstancia ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

TERCEIRO:

Recoñecer a **dedicación exclusiva** ao cargo de concelleiro/a delegado/a de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego, á que se lle esixirá a dedicación á delegación de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

A retribución que percibirán será de 39.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicarase o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

CUARTO.

Recoñecer a **dedicación parcial** ao cargo de concelleiro delegado con delegación especial nas seguintes materias:

- Concellería delegada de Benestar Social, Igualdade e Diversidade.
- Concellería delegada de Deportes.
- Concellería delegada de Educación e Normalización.

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 15 horas semanais.

A retribución que percibirán os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial percibirán unha retribución de 13.000 € brutos anuais, que se distribuirá en catorce pagas: doce pagas ordinarias, correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano e as dúas restantes, de carácter extraordinario, que devindicaranse o 1 de xuño e o 1 de decembro, respectivamente. Así mesmo, non poderán percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos, e tras a súa xustificación.

QUINTO.

Solicitar ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

SEXTO.

Asumir o pagamento da cota empresarial que corresponda.

SETIMO

Este acordo ten eficacia dende o día seguinte a súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da necesaria modificación das Bases de execución do Orzamento.

OITAVO

Aprobar a modificación da base 25ª das Bases de execución do Orzamento prorrogado do 2018 ao 2019, que quedaría como segue:

"BASE 25ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1ª) As retribucións por dedicacións dos membros do Concello serán :

<i>Tipo de dedicación</i>	<i>Cargo</i>	<i>Retribución anual por posto</i>
<i>Dedicación exclusiva</i>	<i>Alcalde</i>	<i>45.000,00€ (Ese importe inclúe a cantidade en concepto de trienios que como empregado público lle corresponden)</i>
<i>Dedicación excluiva</i>	<i>Concelleiro/a delegado/a de Urbanismo, ARI, Desenvolvemento Local, Comercio e Emprego.</i>	<i>39.000,00 €</i>
<i>Dedicación parcial</i>	<i>- Concelleiro/a delegado/a de Benestar</i>	<i>13.000,00 €</i>

	<i>Social, Igualdade e Diversidade</i>	<i>13.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a delegado/a de Deportes</i>	<i>13.000,00 €</i>
	<i>- Concelleiro/a delegado/a de Educación e Normalización</i>	

“

NOVENO

Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

DÉCIMO

Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, considerárase definitivamente aprobada a modificación de BEO, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello.

13 REVOCAR A COMPOSICIÓN DA MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN

Con data 3 de maio de 2018 aprobábase no pleno ordinario de 26 de abril de 2018 a composición da mesa permanente de contratación.

Con data 26 de maio de 2019 tiveron lugar as eleccións municipais, celebrándose o pleno constitutivo da nova corporación municipal ó 15 de xuño de 2019.

Tendo en conta que a competencia para o nomeamento da mesa de contratación a detenta o órgano con competencia para adxudicar conforme á normativa vixente na Disposición Adicional 2ª Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que non contradiga o disposto na Lei 9/2017 .

Esta Alcaldía, propón o pleno a seguinte proposta :

ÚNICO:

Revocar o acordo adoptado no pleno ordinario de 26 de abril de 2018 da composición da mesa permanente de contratación

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000009 e identificado pola pegada dixital:

65f657e0ee26c8a5635e81e095db1f82568941f91c52d24edc71f7feeffb8506

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=XzMfE_66xfU